

ACTA NÚMERO: 21/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 9 DE XUÑO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas e trinta minutos do día 9 de xuño de 2023 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación
- Don Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 2 de xuño de 2023 (Reunión 20/2023).*
2. *Dar conta da oferta presentada por FARO DE VIGO, S.A.U. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación do "Patrocinio do 170º aniversario do Faro de Vigo". (Expte.- 2023031464).*
3. *Dar conta da oferta presentada por BIOMERIEUX ESPAÑA S.A.U. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación do "Mantemento preventivo e correctivo dos equipos: "Vidas 30" e "Vitek C 0060". (Expte.- 2023028202).*
4. *Dar conta da oferta presentada por D. Cesáreo Novoa Alcaraz para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da "Adquisición por compravenda de tres linteis do baldaquino da igrexa de San Pedro de Vilalonga depositados na Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (hoxe, Museo de Pontevedra) por D. Albino Patiño". (Expte.- 2023018154).*
5. *Dar conta da oferta presentada por ORACLE IBERICA S.R.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación do "Servizo de mantemento do aplicativo xestor de base de datos ORACLE". (Expte.- 2023018669).*
6. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (lotes 1 e 3). (Expte.- 2023006937).*
7. *Solicitud da empresa ARTES GRAFICAS JADFEL S.L. para participar no sistema dinámico de adquisición convocado para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022015213).*
8. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña (P.Q. 3+000 ao 3+900 e P.Q. 4+000 ao 4+400). Concello de Vilaboa". (Expte.- 2023017090).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña (P.Q. 3+000 ao 3+900 e P.Q. 4+000 ao 4+400). Concello de Vilaboa". (Expte.- 2023017090).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de gasóleo "B" e "C" para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023019575).*



11. *Sorteo para establecer o desempate entre as ofertas presentadas para optar a adjudicación mediante procedemento aberto simplificado abreviado (artigo 159.6 LCSP) do lote 2 do contrato para a prestación do servizo de organización e xestión de mobilidades no estranxeiro do alumnado de FP seleccionado para participar no proxecto ERASMUS+ da UE (Convenio de subvención co SEPIE nº 2022-1-ES01-KA121-VET 000064494). (Expte.- 2023022691).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular e D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifiestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 2 de xuño de 2023 (Reunión 20/2023).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 2 de xuño de 2023 (Reunión 20/2023).

2. *Dar conta da oferta presentada por FARO DE VIGO, S.A.U. para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación do "Patrocinio do 170º aniversario do Faro de Vigo". (Expte.- 2023031464).*

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2023004282 de data 30/05/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio do 170º aniversario de Faro de Vigo.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Faro de Vigo, S.A.U. (A36600815) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 31/05/2023.

A empresa Faro de Vigo, S.A.U. (A36600815) presentou a proposición con data 01/06/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:



Importe ofertado sen IVE	60.000,00 €
IVE (21 %)	12.600 €
Importe ofertado con IVE	72.600,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Faro de Vigo, S.A.U. (A36600815) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio do 170º aniversario de Faro de Vigo.

3. Dar conta da oferta presentada por BIOMERIEUX ESPAÑA S.A.U. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación do "Mantemento preventivo e correctivo dos equipos: "Vidas 30" e "Vitek C 0060". (Expte.- 2023028202).

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2023004128 de data 25/05/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de "Mantemento preventivo e correctivo dos equipos: "Vidas 30" e "Vitek C 0060".

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa BIOMERIEUX ESPAÑA S.A.U. (A28664589) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 25/05/2023.

A empresa BIOMERIEUX ESPAÑA S.A.U. (A28664589) presentou a proposición con data 05/06/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

LOTE 1	
Importe ofertado sen IVE	23.200,00 €
IVE (21 %)	4.872,00 €
Importe ofertado con IVE	28.072,00 €

LOTE 2	
Importe ofertado sen IVE	3.190,00 €
IVE (21 %)	669,90 €
Importe ofertado con IVE	3.859,90 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa BIOMERIEUX ESPAÑA S.A.U. (A28664589) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de "Mantemento preventivo e correctivo dos equipos: "Vidas 30" e "Vitek C 0060".



4. Dar conta da oferta presentada por D. Cesáreo Novoa Alcaraz para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da "Adquisición por compravenda de tres linteis do baldaquino da igrexa de San Pedro de Vilalonga depositados na Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (hoxe, Museo de Pontevedra) por D. Albino Patiño". (Expte.- 2023018154).

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2023004177 de data 26/05/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da "Adquisición por compravenda de tres linteis do baldaquino da igrexa de San Pedro de Vilalonga depositados na Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (hoxe, Museo de Pontevedra) por D. Albino Patiño".

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar a D. Cesáreo Novoa Alcaraz a presentar proposición, no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación, que se produce o día 30/05/2023.

D. Cesáreo Novoa Alcaraz (35195223W) presentou a proposición con data 05/06/2023 e unha vez examinada a documentación, o interesado resultou admitido no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	18.750,00 €
IVE (21 %)	Exento (art.5 Lei IVE)
Importe ofertado con IVE	18.750,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por D. Cesáreo Novoa Alcaraz no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a "Adquisición por compravenda de tres linteis do baldaquino da igrexa de San Pedro de Vilalonga depositados na Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (hoxe, Museo de Pontevedra) por D. Albino Patiño".

5. Dar conta da oferta presentada por ORACLE IBERICA S.R.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade da contratación do "Servizo de mantemento do aplicativo xestor de base de datos ORACLE". (Expte.- 2023018669).

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2023004008 de data 22/05/2023, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de "Mantemento do aplicativo xestor de base de datos ORACLE".



Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa ORACLE IBERICA S.R.L. (B78361482) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 25/05/2023.

A empresa ORACLE IBERICA S.R.L. (B78361482) presentou a proposición con data 07/06/2023 e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	23.821,76 €
IVE (21 %)	5.002,57 €
Importe ofertado con IVE	28.824,33 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa ORACLE IBERICA S.R.L. (B78361482) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do servizo de “Mantemento do aplicativo xestor de base de datos ORACLE”.

6. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco que regule a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (lotes 1 e 3). (Expte.- 2023006937).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 31 de marzo de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto, do *Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia*, cos seguintes lotes:

Número	Denominación
1	Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.
3	Proxectos de novas tecnoloxías.



O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea e Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con datas 17 e 14 de abril de 2023, respectivamente. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 12 de maio do 2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

As empresas admitidas foron as seguintes:

Lote 1:

Ningunha.

Lote 3:

Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399

Empresas non admitidas:

Ningunha.

A continuación, procedeuse á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Cooperación.

Recibido informe do servizo do Cooperación, de data 30 de maio do 2023 (CSV: WRHDQ21SW4Z9SBME), a Mesa de Contratación, na sesión do día 2 de xuño de 2023, presta conformidade ás puntuacións acadadas, que resultan as seguintes:

Lote	Empresas	Puntuación sobre B
3	Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399	34,00

Na mesma sesión, procedese á apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

Lote 3: Proxectos de novas tecnoloxías.

Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399



Experiencia do/a coordinador/a xeral dos proxectos	(0) Proxecto/s inferiores a 150.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 150.000,00 € e inferiores a 300.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 300.000,00 € e inferiores a 750.000,00 € de orzamento.
	(1) Proxecto/s iguais ou superiores a 750.000,00 € e inferiores a 1.500.000,00 € de orzamento.
	(6) Proxecto/s iguais ou superiores a 1.500.000,00 € de orzamento
Experiencia do/a responsable da parte técnica dos proxectos	(0) Proxecto/s inferiores a 150.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 150.000,00 € e inferiores a 300.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 300.000,00 € e inferiores a 750.000,00 € de orzamento.
	(7) Proxecto/s iguais ou superiores a 750.000,00 € e inferiores a 1.500.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 1.500.000,00 € de orzamento
Experiencia do/a responsable da parte económica-administrativa dos proxectos	(0) Proxecto/s inferiores a 150.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 150.000,00 € e inferiores a 300.000,00 € de orzamento.
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 300.000,00 € e inferiores a 750.000,00 € de orzamento.
	(1) Proxecto/s iguais ou superiores a 750.000,00 € e inferiores a 1.500.000,00 € de orzamento.
	(6) Proxecto/s iguais ou superiores a 1.500.000,00 € de orzamento

Prezo ofertado para o conxunto dos contratos baseados no acordo marco que se poidan adxudicar no lote:

- Prezo sen IVE: 226.000,00 €
- IVE (21%): 47.460,00 €
- Prezo TOTAL: 273.460,00 €

De conformidade co establecido no prego administrativo para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procede á efectuar a valoración das ofertas, obtendo o seguinte resultado:

Resultado da valoración do sobre C, de documentación avaliable mediante fórmulas (criterios automáticos):



Lote 3: Proxectos de novas tecnoloxías.

Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399		
SOBRE C		
1. Experiencia do persoal que forme parte do equipo mínimo esixido no compromiso de medios, ata un máximo de 25 puntos.		24,5
Experiencia do/a coordinador/a xeral dos proxectos(ata un máximo de 10 puntos):	(0) Proxecto/s inferiores a 150.000,00 € de orzamento.	0
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 150.000,00 € e inferiores a 300.000,00 € de orzamento.	0
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 300.000,00 € e inferiores a 750.000,00 € de orzamento.	0
	(1) Proxecto/s iguais ou superiores a 750.000,00 € e inferiores a 1.500.000,00 € de orzamento.	1
	(6) Proxecto/s iguais ou superiores a 1.500.000,00 € de orzamento	9
Experiencia do/a responsable da parte técnica dos proxectos(ata un máximo de 7,5 puntos):	(0) Proxecto/s inferiores a 150.000,00 € de orzamento.	0
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 150.000,00 € e inferiores a 300.000,00 € de orzamento.	0
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 300.000,00 € e inferiores a 750.000,00 € de orzamento.	0
	(7) Proxecto/s iguais ou superiores a 750.000,00 € e inferiores a 1.500.000,00 € de orzamento.	7
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 1.500.000,00 € de orzamento	0
Experiencia do/a responsable da parte económica-administrativa dos proxectos (ata un máximo de 7,5 puntos):	(0) Proxecto/s inferiores a 150.000,00 € de orzamento.	0
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 150.000,00 € e inferiores a 300.000,00 € de orzamento.	0
	(0) Proxecto/s iguais ou superiores a 300.000,00 € e inferiores a 750.000,00 € de orzamento.	0
	(1) Proxecto/s iguais ou superiores a 750.000,00 € e inferiores a 1.500.000,00 € de orzamento.	1
	(6) Proxecto/s iguais ou superiores a 1.500.000,00 € de orzamento	9
2. Menor prezo total ofertado sen IVE para o conxunto dos contratos baseados no Acordo Marco que se poidan adxudicar no correspondente lote, ata un máximo de 30 puntos.		30



TOTAL PUNTUACION C (<i>Ata un máx. de 55 puntos</i>)	54,5
TOTAL B+C	88,5

Á vista do exposto, a Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto convocado para a conclusión do “*Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiábles con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia (Lotes 1 e 3)*”, que queda da seguinte forma:

Lote 3: Proxectos de novas tecnoloxías.

POSICIÓN	LICITADORES	VALORACIÓN SOBRE "B"	VALORACIÓN SOBRE "C"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399	34,00	54,50	88,50

- 2) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do “*Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiábles con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia*”, conforme ao seguinte:

Lote 3: Proxectos de novas tecnoloxías, a favor da empresa Consultores de Automatización y Robótica S.A. (CARSA), co CIF: A48228399, polos prezos e valores ofertados no respectivo lote, conforme ao seguinte:

Prezo ofertado para o conxunto dos contratos baseados no acordo marco que se poidan adxudicar no lote, sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado para o conxunto dos contratos baseados no acordo marco que se poidan adxudicar no lote
226.000,00 €	47.460,00 €	273.460,00 €

A porcentaxe de baixada ofertada respecto ao prezo total de licitación do lote (22,11%) aplicarase á totalidade dos prezos unitarios de licitación (compostos, para cada fase e tramo de orzamento do proxecto obxecto de contratación, dun



elemento fixo máis unha porcentaxe aplicable sobre o orzamento do proxecto), resultando deste xeito os prezos unitarios ofertados.

O lote 1 (Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables) queda deserto, ao non concorrer ningunha empresa.

7. Solicitude da empresa ARTES GRAFICAS JADFEL S.L. para participar no sistema dinámico de adquisición convocado para contratar servizos de impresión de diverso material, encuadernación e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022015213).

O Presidente decide retirar o asunto da orde do día para un mellor estudo.

8. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña (P.Q. 3+000 ao 3+900 e P.Q. 4+000 ao 4+400). Concello de Vilaboa". (Expte.- 2023017090).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL número 2023003366 de data 26 de abril de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña (P.Q. 3+000 ao 3+900 e P.Q. 4+000 ao 4+400). Concello de Vilaboa".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 26 de abril de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.
- HORDESCON, S.L.
- NAROM S.L.

O Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, con data 6 de xuño de 2023, emitiu o correspondente



informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS	TOTAL SOBRE A
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	20,00	2,00	22,00
NAROM S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	16,00	2,00	18,00
HORDESCON S.L.	14,00	2,00	16,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe de Sección de Proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime David Ruibal de Sola, de data 6 de xuño de 2023, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña (P.Q. 3+000 ao 3+900 e P.Q. 4+000 ao 4+400). Concello de Vilaboa".

9. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña (P.Q. 3+000 ao 3+900 e P.Q. 4+000 ao 4+400). Concello de Vilaboa". (Expte.- 2023017090).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña (P.Q. 3+000 ao 3+900 e P.Q. 4+000 ao 4+400). Concello de Vilaboa".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	25,00
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.	23,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	22,00
NAROM S.L.	22,00
CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS S.L.	20,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S.L.U.	18,00



HORDESCON S.L.	16,00
----------------	-------

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	181.954,56 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	179.674,52 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	179.449,13 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	192.887,03 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	182.909,44 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	189.359,80 €	3%	24 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	181.194,55 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación e de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, procedeuse á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "B"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	22,19	5,00	5,00	5,00	37,19
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	25,88	5,00	5,00	5,00	40,88



CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	26,25	5,00	5,00	5,00	41,25
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	3,45	5,00	5,00	5,00	18,45
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,65	5,00	5,00	5,00	35,65
HORDESCON, S.L.	9,57	2,50	5,00	5,00	22,07
NAROM, S.L.	23,42	5,00	5,00	5,00	38,42

En base ás puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña (P.Q. 3+000 ao 3+900 e P.Q. 4+000 ao 4+400). Concello de Vilaboá*" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	22,00	41,25	63,25
2	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	20,00	40,88	60,88
3	NAROM, S.L.	22,00	38,42	60,42
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	35,65	58,65
5	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	18,00	37,19	55,19
6	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	25,00	18,45	43,45
7	HORDESCON, S.L.	16,00	22,07	38,07

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso o Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 0101 Postemirón-Acuña (P.Q. 3+000 ao 3+900 e P.Q. 4+000 ao 4+400). Concello de Vilaboá*" á empresa, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., (CIF B36258861) por un importe de 217.193,95 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado 179.499,13 €
IVE (21%) 37.694,80 €



Importe Total 217.193,95 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (CIF B36258861), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 3867) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencias técnica e financeira, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:

- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
- 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
- 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.

b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 8.974,96 €.

10. Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a



contratación da subministración de gasóleo “B” e “C” para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2023019575).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 19 de maio de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración de gasóleo “B” e “C” para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 19 de maio de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos, as empresas presentadas foron as seguintes:

- Gasóleos Amigo, S.L. (NIF: B-36736049), ós lotes 1 e 2.
- Esergui Disteser S.L. (NIF: B-95799664), ós lotes 1 e 2.

Os valores ofertados foron os seguintes:

GASÓLEOS AMIGO, S.L. (NIF: B-36736049)

	Lote 1: Gasóleo clase B	Lote 2: Gasóleo clase C
Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo	2,55%	5,55%

ESERGUI DISTESER S.L. (NIF: B-95799664)



	Lote 1: Gasóleo clase B	Lote 2: Gasóleo clase C
Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo	9,01%	2,75%

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación obtida polas empresas é a seguinte:

LOTE 1

CRITERIOS DE VALORACIÓN SOBRE ÚNICO LOTE 1	GASÓLEOS AMIGO, S.L. (NIF: B-36736049)	ESERGUI DISTESER S.L. (NIF: B-95799664)
Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo, ata un máximo de 100 puntos.	28,30	100,00
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE ÚNICO	28,30	100,00

LOTE 2

CRITERIOS DE VALORACIÓN SOBRE ÚNICO LOTE 2	GASÓLEOS AMIGO, S.L. (NIF: B-36736049)	ESERGUI DISTESER S.L. (NIF: B-95799664)
Porcentaxe de desconto por litro de gasóleo, ata un máximo de 100 puntos.	100,00	49,55
TOTAL PUNTUACIÓN SOBRE ÚNICO	100,00	49,55

A Mesa de Contratación acorda:

- Admitir as seguintes empresas do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de gasóleo "B" e "C" para a maquinaria e os centros da Deputación de Pontevedra:
 - Gasóleos Amigo, S.L. (NIF: B-36736049), ós lotes 1 e 2.
 - Esergui Disteser S.L. (NIF: B-95799664), ós lotes 1 e 2.
- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo, que queda da seguinte forma:

LOTE 1

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN
1ª	ESERGUI DISTESER S.L. (NIF: B-95799664)	100,00



2ª	GASÓLEOS AMIGO, S.L. (NIF: B-36736049)	28,30
----	--	-------

LOTE 2

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN
1ª	GASÓLEOS AMIGO, S.L. (NIF: B-36736049)	100,00
2ª	ESERGUI DISTESER S.L. (NIF: B-95799664)	49,55

- Propor ó órgano de contratación, a adxudicación do Lote 1, a empresa Esergui Disteser S.L. (NIF: B-95799664), que alcanzou a maior puntuación: 100,00 puntos.
A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.
- Propor ó órgano de contratación, a adxudicación do Lote 2, a empresa Gasóleos Amigo, S.L. (NIF: B-36736049), que alcanzou a maior puntuación: 100,00 puntos.
A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.
- Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle ás empresas propostas como adxudicatarias mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles, presenten o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:

LOTE 1: ESERGUI DISTESER S.L. (NIF: B-95799664)

- Poder debidamente bastantado.
- Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.
- Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios
- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva, por importe de 808,25 €

LOTE 2: GASÓLEOS AMIGO, S.L. (NIF: B-36736049)

- Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.
- Documento que acredite a constitución da garantía definitiva, por importe de 2.373,50 €

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que a persoa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadarlle a mesma documentación á ou ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas



11. Sorteo para establecer o desempate entre as ofertas presentadas para optar a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado abreviado (artigo 159.6 LCSP) do lote 2 do contrato para a prestación do servizo de organización e xestión de mobilidades no estranxeiro do alumnado de FP seleccionado para participar no proxecto ERASMUS+ da UE (Convenio de subvención co SEPIE nº 2022-1-ES01-KA121-VET 000064494). (Expte.-2023022691).

O Presidente decide retirar o asunto da orde do día para un mellor estudo.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e corenta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

